

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 27 de xullo de 2020 ás once horas (11.00 horas), e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, o **día 28 de xullo de 2020**, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación, se procede, da xestión social realizada polo Consello de Administración durante o exercicio 2019.

Segundo.- Exame e aprobación, no seu caso, das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2019.

Terceiro.- Aplicación do resultado obtido no exercicio do 2019.

Cuarto.- Exame e aprobación, no seu caso, do nomeamento de auditor de contas da Sociedade para os exercicios 2020, 2021 e 2022.

Quinto.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Sexto.- Rogos e preguntas.

Sétimo.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Faise constar expresamente o dereito dos accionistas da Sociedade, de conformidade co establecido no artigo 272 da Lei de Sociedades de Capital, de examinar no domicilio social os documentos sometidos á aprobación da Xunta. Os accionistas terán dereito á entrega ou envío gratuito de tódolos documentos mencionados.

Igualmente, comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Finalmente, infórmase aos señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrárase probablemente en segunda convocatoria.

De conformidade co disposto no artigo 40 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social da COVID-19, a Xunta celebrárase por vía exclusivamente telemática, sen asistencia física de accionistas e representantes, mediante conexión a través de videoconferencia para o cal enviarase o enlace da dirección web días antes da celebración.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 25 de xuño de 2020.

A Vicepresidenta do Consello de Administración, D^a. Patricia Argerey Vilar, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

**33329475Z PATRICIA
ARGEREY (R:
A32150088)**

Firmado digitalmente por
33329475Z PATRICIA ARGEREY (R:
A32150088)
Fecha: 2020.06.25 12:29:22 +02'00'